

MEDIO SÉCULO DE POESÍA

O POETA DE GARABÁS, VÍCTOR CAMPIO PEREIRA, OFRECE BOA PARTE DA SÚA PLURAL, VIZOSA E DÚCTIL OBRA

Cómpre aplaudir a iniciativa, partise de quen for, que posibilita ter a man un corpus poético de indiscutible interese, xerado desde unha instancia creativa apaixonada e singular, como é o que nos ofrece Víctor Campio Pereira. O poeta de Garabás (Maside), xa octoxenario e que traballou tamén outros xéneros como o xornalístico, o narrativo e o teatral, déixanos así pois transitar por unha voz escasamente recoñecida pero, ao tempo, das máis significativas e emotivas do panorama poético galego.

O presente libro, editado requintadamente, precedido por un documentado limiar de Manuel Outeiriño e epilogado con luminosidade e devoción polo profesor Xesús Alonso Montero, revela, para quen non as coñece-se, as claves da estética dun autor afastado de círculos e capelas literarias, vinculado xeracionalmente a outras voces como as de Antón Tovar ou Faustino Romero e máis preocupado polo calado exercicio da creación ca pola transmisión ou visibilidade pública desta, factores que explican a súa ausencia en antoloxías ou outras publicacións de xorne semellante.

O libro de Campio, así pois, ten o mérito de reivindicar a súa presenza, de reclamar a atención cara a unha voz que se pode cualificar sen hipérbole como plural, vizosa e dúctil. Todos os libros aquí reproducidos —O ar que nos leva, Por esa voz, Perdida luz e mais o inédito Exilio digno—, que recollen poemas escritos desde os anos cincuenta do pasado século até hoxe, amosan unha pluralidade tanto de carácter temático como formal, pois o autor é un extraordinario sonetista mais tamén se move con habilidade noutros moldes menos clásicos, máis libres e contemporáneos.

A través dos seus poemas, dos seus libros aquí compilados, o lector apreciará unha voz sometida a



MIGUEL VILLAR

Unha das voces máis emotivas da poesía, Víctor Campio

Víctor Campio Pereira

O aire, a luz e o canto

Poesía reunida
1987-2006



POESÍA

«O aire, a luz e o canto»

Víctor Campio Pereira.
Ed. Pen Clube Galicia-
Caixanova. 250
páxinas. 20 euros.

un exercicio de (auto-)esixencia e estilización pouco común, quer ao abordar asuntos que poden ser cualificados en aparencia como de circunstancias quer ao achegarse a aqueles outros que se dispoñen arredor de motivos como a amizade, o existencialismo, o telúrico, a natureza ou Galicia, alón doutros presentes desde sempre no devalar da lírica universal: a preocupación civil e a relixiosa, a morte e mais o amor. En todos estes salienta, ao meu ver, a pretensión de que a palabra, a palabra poética, sexa quen de evocar, reconstruír e transmitir o fuxido ou destruído, o que xa se foi, mais sempre a través dun pulso creativo firme e vibrante, erixido en base á apreensión dun envexable ritmo musical e eufónico. Engádase a todo isto unha expresión rica e viva que entendo como un manantío no que beber e aprender. Estes versos de Campio constitúen poemas para ler en alta voz porque son un canto que sobrevive a naufraxios e que se revela como unha auténtica regalia para os sentidos.

Ramón Nicolás